



Asunto: Información ás familias sobre a orde do 03 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar, para alumnado de ESO para o curso escolar 2019/20.

As solicitudes de participación no fondo solidario e de axudas para adquirir material escolar, poderán presentarse na oficina do centro, dende as 9:00 horas ata as 14:00 horas.

O prazo para presentar solicitudes iniciárase o día seguinte da publicación desta orde e rematará o día 21 de xuño de 2019.

A presente orde integra as diversas modalidades de gratuidade solidaria dos libros de texto:

- A participación no **fondo solidario** de libros de texto do alumnado matriculado en **1º, 2º, 3º e 4º de ESO**.
- As axudas para adquirir **material escolar** do **alumnado matriculado en ESO**.

1. O centro asignará **libros de texto** do **fondo solidario** ao **alumnado que o solicita** do seguinte xeito:

Por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencia. Esgotados os libros dispoñibles do fondo solidario o centro adquirirá libros complementarios para garantir:

- Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a **5.400€: 6 libros**.
- Alumnado con renda superior a **5.400 € e igual ou inferior a 9.000€: 4 libros**.
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha **discapacidade** igual ou superior ao **65%: 6 libros**.

2. **Contía da axuda para adquirir material escolar:** destinado a alumnado con **renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400€ ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%** será de **50€**.

Cálculo da Renda per cápita: A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar (suma das rendas dos membros con ingresos) **do exercicio fiscal 2017** entre o número de membros computables. Se *presentou declaración no exercicio 2017*, sumaranse a base imponible (*recadro 415*) e o do aforro (*recadro 435*); cando non a presentase, sumaranse os ingresos obtidos.

Para calcular a renda considerárase que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos grados de total, absoluta ou grande invalidez.

Non terá a consideración de membro computable a persoa proxenitora que **non conviva** co alumnado nos casos de **separación legal ou divorcio**, agás no caso de custodia compartida.

Devolución dos libros de texto do curso 2018/19. Obrigas:

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario no presente ano académico deberán **devolver os libros ao rematar o curso** (o prazo máximo para devolvelos será o **20 de xuño de 2019**). A falta de devolución será causa de exclusión de participación no fondo solidario.

A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado.

Documentación que deberá achegarse:

Copia do libro de familia onde consten todos os membros computables (nos casos en que non teñan libro, sentenza xudicial, volante de convivencia ou certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar). Presentarase copia e orixinal para verificar a súa autenticidade.



DATAS A TER EN CONTA

LUNS	27-05-2019	Entrega solicitudes	Inicio para a presentación de solicitudes
XOVES	20-06-2019	Devolución dos libros do curso 2018-19	Todo o alumnado entregará os libros. Aqueles/as que teñan materias pendentes levarán en préstamo posteriormente os libros que precisen.
VENRES	21-06-2019	Remata o prazo para presentar solicitudes	Excepcións: - alumnado que repita 4º de ESO - alumnado que non obteña praza en formación profesional básica no curso 2018/19 e formalice a matrícula no curso de ESO que lle corresponda, [...], tamén poderá presentala no prazo dun mes dende a formalización da matrícula.
LUNS	08-07-2019	Publicación das listaxes provisionais: - de solicitudes admitidas - de solicitudes excluídas (e motivos)	
MARTES/ MÉRCOLES	09/10-07-2019	Reclamación ás listaxes provisionais	
SETEMBRO		Devolución dos libros prestados para a convocatoria setembro	Os/as alumnos/as entregarán os libros pendentes cando rematen o último exame ou proba de setembro en dirección.
VENRES	13-09-2019	Data de publicación das listaxes definitivas	
COMEZO CURSO 2019-2020			Entrega dos libros para o curso 2019-20

O CENTRO POÑERASE EN CONTACTO COS BENEFICIARIOS DOS VALES TANTO NA CONVOCATORIA ORDINARIA COMA NA EXTRAORDINARIA